




Área de Emprego
e Empreendimento

UniversidadeVigo

Memoria da Área de Emprego e Empreendimento

CURSO 18/19

OBXETIVOS DA ÁREA

O obxectivo xeral da Área de Emprego e Emprendemento é impulsar a inserción laboral do estudantado e persoas tituladas da Universidade de Vigo. Para acadar este propósito, a Área vela polo cumprimento de varios obxectivos específicos. Estes obxectivos requiren, para o seu cumprimento, da execución de accións específicas moitas incluídas nas liñas básicas do orzamento da universidade para o exercicio 2019. Os obxectivos xerais a cubrir son os seguintes:

- Establecer convenios de cooperación educativa con empresas e institucións de diferente ámbito de coñecemento
- Facilitar a formación práctica do estudantado
- Incrementar a oferta formativa específica para mellorar a empregabilidade do estudantado
- Potenciar a oferta dun servizo personalizado de orientación profesional o estudantado
- Ofrecer acompañamento para facilitar o acceso do estudantado a ofertas de emprego
- Xestionar ofertas de traballo de distintos perfís, e por en contacto oferta e demanda.
- Fomentar as aptitudes de emprendemento no estudantado
- Desenvolver estratexias e recursos que faciliten a emprendeduría no estudantado con capacidades diferentes
- Crear valor engadido e emprego a través da formación e da incubación de proxectos emprendedores
- Dar apoio as distintas accións que fomenten o ecosistema emprendedor da Universidade.
- Manter a cooperación co EURES co obxecto de promover o emprego e a mobilidade transfronteiriza na euro-rexión Galicia-Norte de Portugal.

Ao fin de velar polo cumprimento de estes obxectivos, a Área de Emprego e Emprendemento leva a cabo unha serie de accións que permiten ofrecer de maneira continuada novas oportunidades de inserción laboral e impulsar así a empregabilidade de estudantes e persoas tituladas desta universidade. Estas accións están agrupadas en liñas estratéxicas de actuación.

LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

As principais liñas estratéxicas nas que esta área da Universidade de Vigo desenvolve a súa actividade son as seguintes:

- Liña estratéxica 1: Orientación laboral e información de emprego
- Liña estratéxica 2: Intermediación laboral
- Liña estratéxica 3: Formación para o emprego
- Liña estratéxica 4: Convenios de cooperación educativa
- Liña estratéxica 5: Emprendemento

Ademais de estas cinco liñas de traballo, dende a Área se promove, organiza e se participa en varios programas transversais. Así mesmo, dende a Área se promoven accións de cooperación transfronteiriza na euro-rexión Galicia-Norte de Portugal.

Liña estratéxica 1: Orientación laboral

Durante o curso académico 2018-19, o **persoal técnico superior en orientación laboral** da AEE realizou un total de 102 consultas de asesoramento (a razón de 8.5 consultas o mes) e información laboral. Estas consultas fixéronse tanto vía telemática como presencial.

Por medio de estas consultas as técnicas da AEE axudan os estudantes e persoas tituladas que o soliciten a desenvolver o seu itinerario persoal de busca de emprego, utilizando as ferramentas necesarias no acceso aos procesos de selección, tales como o *currículum vitae*, cartas de presentación, protocolo para entrevistas de selección de persoal, probas psicotécnicas etc.

No curso en análise leváronse a cabo 74 **entrevistas individualizadas** de orientación laboral, tanto a estudantes (19% das persoas entrevistadas) como a persoas tituladas (81%) (ver táboa). Esta distinta porcentaxe queda tamén reflectiva na idade das persoas entrevistadas, que foi entre os 21 e os 52 anos, cunha idade promedio de 21 anos.

Idade das persoas entrevistadas. -Entre estas entrevistas laborais cerca da metade (54%) foron primeiras entrevistas, das cales 10 foron a estudantes (25%) e 30 a persoas tituladas (75%). Do 46% de segundas entrevistas levadas a cabo, 4 foron a estudantes (12%) e 30 persoas tituladas (88%).

Idade das persoas entrevistadas (anos)	media	mínima	máxima
	29	21	52

Sexo e situación académica das persoas entrevistadas. O número total de entrevistas desglosado por sexo e situación académica amósase na seguinte táboa:

Sexo	Estudantes		Titulados/as		Total	%
	Nº	%	Nº	%		
Mulleres	3	4%	41	55%	44	59%
Homes	11	15%	19	26%	30	41%
Total	14	19%	60	81%	74	100%
PROMEDIO	1,2/mes		5/mes		6.2/mes	

Formación académica das persoas entrevistadas. A análise dos datos de entrevistas desglosado por ámbito e sexo reflicte que case a metade das persoas entrevistadas pertencían a grados do ámbito xurídico-social (43% do total). De estas persoas, un 88% foron mulleres. Curiosamente, nos grados tecnolóxicos o 100% das persoas entrevistadas foron homes (ver táboa). En total, o 70% das persoas entrevistadas pertencían a grados e o 30% restante a mestrados. Esta desigual porcentaxe na distribución das entrevistas levadas a cabo dende a área pon de manifesto a necesidade de promoción de este servizo, sobre todo entre aqueles ámbitos que fixeron pouco ou ningún uso de este servizo, como é o caso dos graos en Ciencias da Saúde e Arte e Humanidades (ver táboa).

Ámbito de coñecemento	Estudantes		Titulados/as		Total	%
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes		
Graos - Arte y Humanidades	1	1	0	0	2	3%
Graos - Ciencias da Saúde	0	0	0	0	0	0%
Graos - Científico	2	1	1	1	5	7%
Graos - Tecnolóxico	0	7	0	5	12	16%
Graos - Xurídico-Social	0	0	28	4	32	43%
Mestrados - Arte e Humanidades	0	0	4	0	4	5%
Mestrados - Ciencias da Saúde	0	0	0	1	1	1%
Mestrados - Científico	0	0	5	2	7	9%
Mestrados - Tecnolóxico	0	1	0	3	4	5%
Mestrados - Xurídico- Social	0	3	1	3	7	9%
Total	3	13	39	19	74	100%
Porcentaxe	4%	18%	52%	26%		

Orixe xeográfica das persoas entrevistadas. A meirande parte pertencían a área metropolitana de Vigo (77%), seguido de Pontevedra (15%). Os datos reflexan a pouca representatividade de persoas participantes no servizo de orientación laboral procedentes de Ourense (só un 4%) o que pon de manifesto a necesidade da Área de potenciar o servizo de orientación no campus de Ourense.

Procedencia xeográfica das persoas entrevistadas	Nº	%
Área Metropolitana de Vigo (AMV)	57	77%
Pontevedra (agás AMV)	11	15%
Ourense	3	4%
A Coruña	1	1%
Fora de Galicia	2	3%
TOTAL	74	100%

Servicios demandados. Atendendo as persoas que foron entrevistadas por primeira vez, o 95% das persoas entrevistadas solicitaron a revisión do seu *curriculum vitae*. O segundo servizo con mais demanda foi a búsqueda de saídas profesionais (88% dos entrevistados) e acceso o emprego público (83%). O servizo menos demandado foi a formación para o emprego e a realización de prácticas (38 e 35 % respectivamente) (ver táboa).

		ENTREVISTAS INICIAIS (56%)		ENTREVISTAS SEGUIMENTO (46%)	
SERVICIOS E INFORMACIÓN DEMANDADOS NAS ENTREVISTAS		Nº	%	Nº	%
FORMATIVAS	Especialización	19	48%	10	29%
	Formación para o emprego	15	38%	0	0%
	Formación ocupacional	18	45%	1	3%
PROFESIONAIS-LABORAIS	Información sobre o mercado laboral	26	65%	7	21%
	Saídas profesionais	35	88%	2	6%
	Carta de Presentación	31	78%	7	21%
	<i>Curriculum vitae</i>	38	95%	24	71%
	Entrevista de Selección	27	68%	7	21%
	Emprego Privado	29	73%	11	32%
	Emprego Público	33	83%	13	38%
	Prácticas en empresas	14	35%	3	9%

Liña estratéxica 2: Intermediación Laboral

Os obxectivos perseguidos con esta liña estratéxica son:

- Intermediar entre as empresas ou institucións e os/as aspirantes de perfil universitario para facilitar a presentación de ofertas de traballo dirixidas a eles/as.
- Conseguir que o/a titulado/a da Universidade de Vigo obteña un posto de traballo a través das ofertas que a Área de Emprego e Emprendemento (AEE) tramita coas empresas ou institucións e sempre acordos coa súa formación universitaria.
- Levar a cabo accións de difusión e captación de empresas/institucións co obxecto de impulsar a súa colaboración coa AEE da Uvigo.

Para o que a área de emprego difunde ofertas e emprego e bolsas de formación práctica de perfís universitarios.

Acción 2.1 Publicación de Ofertas de emprego

Durante o curso académico 2018-2019, a Área de Emprego e Emprendemento xestionou e tramitou un total de 217 ofertas de emprego para diferentes sectores. As tarefas administrativas de estas xestións labora a lévaas a cabo a persoa contratada no **posto base**, asesorada por unha das **técnicas de orientación laboral**.

Unha meirande parte do total de ofertas de emprego xestionadas estaban destinadas a persoas tituladas no ámbito tecnolóxico (59%), seguido do ámbito xurídico social (17%). O perfil menos demandado foi o de estudantes e persoas tituladas das áreas científicas (3%) (ver táboa).

	Ofertas de emprego	
Ámbitos científicos	Nº	%
Tecnolóxico	128	59%
Humanidades	4	2%
Xurídico-Social	36	17%
Científico	7	3%
Ciencias da Saúde:	11	5%
Científico + Tecnolóxico:	15	7%
Científico + Xurídico-Social:	2	1%
Tecnolóxico + Xurídico-Social:	4	2%
Humanidades + Xurídico-Social:	6	6%
Máis de dous ámbitos:	4	2%
Total	217	
Media mensual	18/mes	

Acción 2.2 Xestión de bolsas de formación Práctica.

En total xestionáronse 93 convocatorias de bolsas de formación práctica (non realizadas baixo o Convenio de Cooperación Educativa da Universidade de Vigo) (ver táboa). En liña ca distribución observada nas ofertas de emprego, unha meirande parte do total de prácticas xestionadas foron prácticas de alumnado pertencente o ámbito tecnolóxico (60%), seguido do ámbito xurídico social (25%).

Ámbitos de coñecemento	Ofertas de bolsas	
	Nº	%
Tecnolóxico	56	60%
Humanidades	1	1%
Xurídico-Social	23	25%
Científico	1	1%
Ciencias da Saúde	0	0%
Jurídico Social + Tecnolóxico	6	6%
Humanidades + Xurídico-Social	3	3%
Máis de dous ámbitos:	3	3%
Total	93	100%

Liña estratéxica 3: Formación para o emprego

Como non só a adecuación das candidaturas aos perfiles profesionais demandados inflúe no éxito do proceso de inserción, senón que a habilidade cara a busca de emprego tamén o facilita, na Unidade de Emprego e Emprendemento organizamos accións formativas para promover a aprendizaxe e o desenvolvemento desas habilidades.

Acción 3.1 Impartición de relatorios *de Orientación profesional*

Ao fin de dar a coñecer as liñas estratéxicas de actuación da AEE, durante o ano 2019 organizáronse distintas actividades, principalmente orientadas a orientación profesional o estudantado. Estas accións desenvóléronse principalmente en centros da UVIGO, aínda que tamén impartíronse relatorios noutras institucións.

Relatorios e obradoiros fora da UVIGO. O 15 de xaneiro do 2019, unha das técnicas superiores de orientación laboral participou na **Lanzadeira de Emprego e Emprendemento do Concello de Ourense**. A súa participación consistiu nunha sesión de mentoring as 20 persoas asistentes (entre as cales había 3 tituladas da UVIGO) a esta iniciativa da Fundación Santa María la Real.

Relatorios e obradoiros en centros da UVIGO

Centro	Grado /Destinatario	Campus	Data	Relatorio /Obradoiro
Edificio Miralles	Programa Destrezas. Colaboración ca FUVI	Vigo	18/01/2019	<i>“Traballo en Equipo e Resolución de Conflitos”</i>
Facultade de Historia	Xeral	Ourense	25/02/ 2019	<i>“Xornadas de Orientación profesional”</i>
Escolas de enxeñaría	Foro Tecnolóxico de Emprego	Vigo	28/02/2019	<i>“Sácalle o máximo partido ao teu curriculum non sexas un/ha máis no Foro”</i>
Facultade de Historia	Dobre Grao en Turismo e Xeografía e Historia	Ourense	08/03/ 2019	<i>“Buqueda activa de emprego”</i>
Facultade de Dereito	III Foro de Emprego Xurídico	Ourense	09/11/ 2019	<i>“Estratexias para a busca de emprego”</i>

XORNADA

de orientación profesional



Organizan:

Facultade de Historia
Universidade de Vigo



Consello Social

Colaboran:



Universidade de Vigo



Consello Social
Universidade de Vigo

Facultade de
Dereito





Acción 3.2 Convocatoria do programa de “DIRECTIVOS E DIRECTIVAS POR UN DÍA” en colaboración ca Asociación Española de Directivos

Co obxectivo de poñer en valor a función directiva no ámbito universitario e contribuír ao desenvolvemento profesional de estudantes de titulacións vencelladas a este eido, a Asociación Española de Directivos (AED) e a Fundación Junior Achievement, en colaboración coa Universidade de Vigo e co apoio de Deloitte, poñen marcha a iniciativa Directivos e Directivas por un Día.

Trátase dunha oportunidade para as mozas e mozos universitarios de acompañar unha directiva ou directivo de empresas da nosa contorna durante a súa xornada laboral. De este xeito, as persoas seleccionadas poderán achegarse á realidade do mundo laboral, afondar na función dos postos directivos e de seren orientadas no desenvolvemento das habilidades e competencias necesarias para dar con éxito os primeiros pasos da súa carreira profesional.

A convocatoria publicouse en outubro do 2019 e dende a AEE seleccionáronse a 32 persoas. Nunha segunda fase, que está a ser xestionada directamente pola AED, consiste na asignación individual dun mentor ou mentora profesional co que compartir en primeira persoa a súa labor na empresa durante unha xornada laboral. As estadías nas empresas ten previsto realizarse ó longo do primeiro trimestre do ano 2020.



Acción 3.3 Convocatoria da II Edición das XORNADAS “O TALENTO FEMENINO SUMA” en colaboración ca Unidade de Igualdade

A AEE, en colaboración co Instituto da Muller e a Igualdade de Oportunidades, organizou o longo do día 24 de setembro a segunda edición das xornadas o Talento Feminino SUMA. Estas xornadas teñen o obxectivo de xerar unha conciencia social que prime as capacidades e as habilidades profesionais para o acceso ao emprego das mulleres, a través da promoción da diversidade, a competitividade e a sustentabilidade das empresas e as institucións.

O programa desenvólvese seguindo o seguinte cronograma:

1.ª Xornada. Diversidade de xénero e empresa. Boas prácticas en captación de talento feminino

Data: 9 de outubro de 2018

9.30-10.00 h RECOLLIDA DE DOCUMENTACIÓN

10.00-10.30 h PRESENTACIÓN DA XORNADA

Natalia Caparrini, vicerreitora de Captación, Estudantes e Extensión Universitaria

10.30-11.45 h CONFERENCIA INAUGURAL

Ser muller e non morrer no intento. Como desenvolverse con éxito no mundo empresarial

Pilar Gómez-Acebo. Licenciada en Socioloxía e Ciencias Políticas pola Universidad Complutense de Madrid e Mestrado en recursos humanos e dirección de empresa polo Centro Internacional de Dirección de Empresa. *Coach* de alta dirección.

11.45-12.15 h DESCANSO

12.15-14.00 h MESA REDONDA

Boas prácticas nas empresas: aplicación real do principio de igualdade de oportunidades

- Modera: Carla Reyes Uschinsky. Presidenta de Executivas de Galicia
- Carlota Sánchez-Montaña Puga. Coordinadora adxunta da Área de Educación Superior Afundación
- Marcos Vázquez. Responsable de RR HH de Pescados Rubén S. L. Premios RSE Galicia 2016
- Ana Varela. *Talent Development HR de Borgwarner Automotive*

Sesión de tarde: Obradoiro: ELEVATOR PITCH: QUEN ES EN 90 SEGUNDOS

Persoas destinatarias: mulleres estudantes ou tituladas da Universidade de Vigo que asistisen á sesión da mañá.

Parte teórica

Horario: 16.00-20.00 h

Contidos

- As miñas competencias. A miña proposta de valor. O meu obxectivo profesional
- Deseño da imaxe de marca persoal: comunicación e presentación persoal
- Como facer *networking* (presencial e virtual). O uso das redes sociais

Profesorado

- Juli Molares Cardoso. Comunicadora, formadora, publicista e *Personal Brander*
- Beatriz Fontán. CEO e facilitadora certificada LEGO® PLAY® METHOD

Neste obradoiro, «Elevator Pitch: quen es en 90 segundos», participaron 50 persoas, 45 mulleres e 5 homes. De estas 50 persoas un 55% foron estudantes, o 40% persoas tituladas, e o 5% PDI da UVIGO.

2.ª Xornada. Presenta o teu talento

Data: 24 de outubro de 2019

- 13.00-15.30 h Sesión de *elevator pitch*

Lugar: Ifevi (No marco da Finde.U, Feira Internacional de Emprego)

Nesta segunda xornada as participantes no obradoiro da 1.ª xornada terán a oportunidade de expor o seu propio *elevator pitch* ante responsables de RR HH das empresas participantes na Finde.U e ante un xurado.

Premios: unha xornada de mentoría en empresa cunha executiva asociada a Executivas de Galicia:

- Ao *pitch* máis orixinal
- Ao mellor *pitch*

Mentres o xurado delibera, serviuse unha comida informal (*brunch*) que facilitará o *networking* entre as participantes e representantes das empresas expositoras na Feira Internacional de Emprego.



Liña estratéxica 4: Convenios de cooperación educativa

A Área de Empleo e Emprendemento ten encomendada a coordinación da xestión dos procedementos administrativos da firma dos convenios necesarios para a realización das prácticas externas académicas, tanto curriculares como extracurriculares, do estudiantado da Universidade de Vigo. Baixo este contexto, a AEE serve de enlace entre as empresas e a Universidade na tramitación dos convenios de cooperación educativa que dean soporte xurídico as estancias dos estudantes. Esta actividade a realiza en coordinación cos centros (facultades e escolas) e coa Fundación Universidade de Vigo, órgano que ten encomendada a xestión das prácticas académicas extra-curriculares.

No curso académico 2018-2019 xestionáronse dende a Área de Empleo e Emprendemento un total de 316 **convenios de cooperación educativa** para a realización de prácticas. Do total dos acordos asinados, 306 corresponderon a convenios de cooperación educativa formulados con modelo da Universidade de Vigo aprobado en Consello de Goberno, que ofrece cobertura a prácticas externas curriculares e extra-curriculares dos estudantes de todas as titulacións oficiais e títulos propios da Universidade de Vigo; 7 acordos foron convenios de cooperación educativa específicos para os que se utilizaron outros modelos

de convenio negociados coas empresas ou institucións asinantes; e 3 foron acordos internos para a realización de prácticas en servizos e dependencias da propia Universidade de Vigo.

Distribución xeográfica das institucións cas que se asinaron convenios. Os datos obtidos ao longo do curso académico 2018-19 revelaron que a maior parte dos convenios asinados foron con empresas e institucións da provincia de Pontevedra (47%). Curiosamente, a segunda provincia que tivo mas representatividade en canto o número de convenios asinados foi a provincia de Coruña (19%), estando Ourense en terceiro lugar (13%). (ver táboa).

Provincia	Convenios asinados
Pontevedra	143
A Coruña	58
Ourense	39
Madrid	25
Lugo	14
Barcelona	10
Outras	27

Tamaño e natureza das institucións asinantes. A meirande parte das empresas ou entidades asinantes de convenios de cooperación correspóndense con pequenas empresas (44%), seguidas da administración pública (17%) e de Fundacións/asociacións sen ánimo de lucro (15%), e ocupando o cuarto posto os convenios firmados con medianas empresas (11%) (ver táboa).

Tipo de empresa	Convenios asinados
Pequena (menos de 50 traballadores)	133
Administración pública	53
Fundación / Entidade sen Ánimo de Lucro	46
Mediana (entre 50 e 500 traballadores)	35
Autónomo	30
Grande (máis de 500 traballadores)	13
Multinacional	3
Empresa familiar	3

Actividade económica das institucións asinantes. Polo que respecta ás actividades económicas das entidades e empresas coas que se asinou algún tipo de convenio ou acordo de cooperación educativa, destacaron as actividades profesionais, científicas e técnicas (17%), seguidas das actividades en educación (12%) (ver táboa).

Actividade económica	Convenios asinados
Actividades Profesionais, científicas e técnicas	52
Educación	38
Actividades artísticas, recreativas e de lecer	34
Outros servizos	30
Administración pública e defensa	29
Industria manufactureira	28
Actividades sanitarias e de servizos sociais	19
Información e comunicacións	18
Reparación de vehículos de motor e motocicletas	16
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	12

Liña estratéxica 5: Emprendemento

A Área de Emprego e Emprendemento fomenta a iniciativa de autoemprego do estudantado e das persoas tituladas pola Universidade de Vigo, principalmente a través da convocatoria de dous programas propios deseñados para facilitar o desenvolvemento de ideais de negocio: o **INCUVI-EMPRENDE**, como programa de apoio a iniciativas empresariais na súa fase inicial, o e **INCUVI-AVANZA**, deseñado para facilitar a consolidación dos proxectos máis viables entre aqueles que fixeron o seu paso polo programa INCUVI-Emprende. Ademais, no ano 2019 a AEE colaborou co Banco Santander na difusión do programa de becas “**SANTANDER- INTRAEMPRENDE**”.

As accións levadas a cabo dende a AEE en cada un de estes programas se describen a continuación:

PREMIOS INCUVI – EMPRENDE. -O programa susténtase na preincubadora de negocios INCUVI que anualmente e a través dun concurso de ideas ofrece espazo para acoller ata 11 proxectos nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.

Os proxectos escollidos obteñen como premio formación, asesoría e apoio na elaboración dun Plan de empresa, ademais da estadía por un máximo dun ano nalgún dos seguintes espazos:

- Campus de Vigo: Cidade Universitaria (6 espazos)
- Campus de Ourense: Tecnópole (3 espazos)
- Campus de Pontevedra: sede da Asociación de Novos Empresarios (2 espazos)

A 7ª edición dos PREMIOS INCUVI – EMPRENDE convocouse a finais do ano 2017 (curso 17/18) e a octava edición publicouse a finais do ano 2019 (curso 19/20) polo que no curso en análise dende a Área de Emprego apoiouse o proceso de mentorización dos proxectos incubados o longo do ano 2018/19.

PREMIOS INCUVI – AVANZA. A convocatoria da 3ª edición dos premios INCUVI- AVANZA foi publicada por resolución reitoral o 29 de abril do 2019.

A convocatoria INCUVI-Avanza promoveuse en colaboración coa Xunta de Galicia, o Consorcio Zona Franca de Vigo, e a Confederación de Empresarios de Ourense, entidades que comparten coa Universidade de Vigo a aposta decidida polo apoio ao emprendemento universitario.

A través dunha convocatoria de axudas promovida pola Área de Emprego e Emprendemento, e o longo dos 12 meses posteriores a súa resolución se proporciona aos equipos gañadores un servizo de asesoramento personalizado e unha axuda económica para subvencionar custos relacionados coa constitución como empresa, así como espazo de traballo nas seguintes ubicacións:

- Vigo: Porto do Molle (Consorcio Zona Franca de Vigo)
- Ourense: CITI (Tecnópole)



Aos premios INCUVI – Avanza da convocatoria do 2019 presentáronse catro proxectos para o campus de Vigo e un para o campus de Ourense, resultando premiados “Somos Terra” no campus de Vigo/Pontevedra e “Last Pick” no campus de Ourense. Actualmente os dous proxectos están desfrutando do período de formación e teñen pensado constituírse como cooperativa e empresa, respectivamente, nos próximos meses.

Difusión da convocatoria do programa de becas SANTANDER INTRAEMPRENDE 2019. -Este programa está deseñado para facilitar a participación de equipos de estudantes das universidades españolas en proxectos de intraemprendemento presentados polas empresas. O resultado deste programa foi a formalización dunha práctica externa extracurricular a unha alumna do Grao en Bioloxía desde o 1 de abril ata o 31 de maio de 2019 na empresa *Compañía Española de Algas Marinas, S.A. (CEAMSA)*.



Outras acción transversais

Publicación de novidades

Durante o curso académico 2018-2019 dende a AEE deuse difusión a 130 novidades de diferente tipoloxía a través da sección de novas da área.

Tipoloxía das novidades	Número
Emprendemento	6
Programas de ensino español no estranxeiro	2
Ofertas de emprego	19
Bolsas de prácticas formativas	48
Bolsas de investigación	12
Obradoiros/accións formativas	6
Estadías no estranxeiro/intercambios	10
Axudas estudos	4
Oposicións	13
Premios	4
Eventos e xornadas	5
Voluntariado	1
Total	130

Ademais, a AEE colaborou coa **publicación “UNIVERSITAS”**, publicando catro novidades e catro ofertas de emprego/bolsas escollidas entre as publicadas na sección de ofertas de emprego e na sección de novas da páxina web da área.

Convocatoria do programa de “BOLSAS PRÁCTICAS FUNDACIÓN ONCE-CRUE” para alumnado universitario con discapacidade, en colaboración ca Fundación ONCE

Co fin de promover a mellora da empregabilidade e futuro profesional das persoas estudantes universitarias con necesidades especiais, a UVIGO e a

Fundación ONCE publicaron, en réxime de concorrência competitiva, unha convocatoria bolsas co obxectivo de facilitar o desenvolvemento de prácticas académicas externas dirixidas a este colectivo. O equipo técnico da AEE foi a unidade da UVIGO encargada de buscar as empresas/entidades máis adecuadas para a realización das prácticas das 8 persoas seleccionadas, atendendo o seu perfil (estudos, intereses profesionais, adaptación do posto á discapacidade...), e previa realización dunha entrevista de orientación laboral.

As prácticas tiveron unha duración semanal de 25 horas e desenvóléronse o longo de 3 meses, segundo as bases da convocatoria publicada. O perfil do estudantado seleccionado e a entidade na que realizaron as prácticas queda reflexado na seguinte táboa:

Sexo	Titulación (Grado /Mestrado)	Empresa/entidade
Muller	Educación Social	APES (Asociación para a Prevención e a Educación Social)
Muller	Relacións Laborais e Recursos Humanos	Activa Social ETT
Muller	Tradución e Interpretación	Universidade de Vigo
Muller	Publicidade e Relacións Públicas	Ledmon Marketing y Multimedia
Muller	Linguas Estranxeiras	DINAK
Home	Comunicación Audiovisual	COPE Pontevedra
Home	ADE - dereito	S4 Soluciones Aseguradoras
Home	Mestrado en Arte Contemporáneo, Creación e Investigación	Galería Monty 4

Accións de empregabilidade transfonteriza:

Organización da Feria Internacional de Emprego Universitario (FINDE.U 2019)

En liña dos eventos virtuais e presenciais da Finde.U que se desenvolveron nos tres anos anteriores (edicións de 2016, 2017 e 2018), no ano 2019 a fería internacional de emprego FINDE-U estivo organizada conxuntamente polas 3 universidades da euro-rexión Galicia / Norte de Portugal: Universidade de Vigo, Oporto e UTAD (Tras-Os-Montes e Alto Douro). En total participaron máis de 500 empresas e puntos de información de toda Europa e promoveron conxuntamente a xestión de máis de 40.000 candidaturas a ofertas de emprego.

As dúas edicións da FINDE-U celebradas no 2019, tiveron lugar durante os días 9 e 10 de abril (evento virtual) e os días 22 e 23 de outubro (edición presencial de Vigo) e 29 e 30 de outubro (edición presencial en Oporto).

FINDE.U Virtual: 9-10 abril 2019. -A FINDE.U virtual é unha alianza entre universidades con máis de 60,000 estudantes e preto de 100,000 antigos alumnos, que ofrece cobertura virtual a todas as áreas de coñecemento. É un evento dirixido a estudantes e persoas tituladas, non só de España e Portugal, senón tamén do resto de países de Europa. O obxectivo principal é ofrecer empregos cualificados, períodos de prácticas ou participación en programas específicos para persoas con titulación universitaria, así como oportunidades de investigación. O evento é promovido, tanto en España como en Portugal, polas redes universitarias nacionais, ás persoas con titulación universitaria en procura de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego e ás asociacións profesionais e outras partes interesadas – así como nas redes sociais de EURES en toda Europa.

A Finde.U virtual realízase a través dunha web que creó EURES para organizar ferias de emprego virtuales: <https://www.europeanjobdays.eu/es>. Ademais das estatísticas que constan a continuación acerca dos perfís das persoas en busca de emprego, das empresas e entidades oferentes de emprego e dos puntos de información acerca das oportunidades de emprego en Europa, tamén se recollen datos das interaccións entre ambas partes (chats e streamings). Para facilitar esta interacción, a orientadora laboral da AEE, Reyes Fernández, grabou na Uvigo TV unha *píldora de coñecemento sobre o Curriculum Vitae por Competencias*.

Na edición que tivo lugar en abril de 2019 rexistráronse os seguintes datos:

General Website Statistics

Statistic label	FINDE.U Virtual University International Job Fair	
Total page views	7517	
Unique page views	5113	
All visits to the website by country	Portugal	3837
	Spain	964
	Italy	445
	France	178

Exhibitors

Statistic label	FINDE.U Virtual University International Job Fair	
Registered companies	96	
Registered company associates	107	
Registered local info points	14	
Registered local info points associates	12	
Registered EURES countries	13	
Registered EURES Advisers	33	
Top 6 countries of residence of registered exhibitors	Portugal	67
	Spain	24
	United Kingdom	4
	Greece	3
	Germany	2
	Netherlands	3

Jobs

Statistic label	FINDE.U Virtual University International Job Fair
Published job offers	425
Available positions	1652
Total job applications	1943
Unique job applicants	437
Total interview invitations	138
Pending interview invitations	59
Scheduled interviews	79

Jobseekers

Statistic label	FINDE.U Virtual University International Job Fair	
Registered jobseekers		1822
Number of uploaded CVs		1468
Top 6 nationalities of registered jobseekers	Portugal	631
	Other	411
	Spain	390
	Italy	102
	Romania	55
	France	54
Top 6 countries of residence of registered jobseekers	Portugal	734
	Spain	449
	Outside of EU	158
	Italy	84
	France	71
	Romania	45
Number of jobseekers by age group	25-34	745
	- 25	467
	35-44	370
	45-54	182
	+ 55	58
Top 3 education levels among registered jobseekers	University studies (Master)	862
	University studies (Bachelor)	726
	Advanced university studies (Doctorate)	79
Number of jobseekers by work experience	More than 5 years	761
	Up to 1 year	581
	Between 2 and 5 years	295
	Up to 2 years	184
Number of jobseekers by employment status	Jobseeker	1187
	Student	375
	Employed	260

FINDE.U Presencial (edición Vigo). -Segundo constan nos rexistros, na FINDE.U 2019 participaron 922 candidatos. Durante a visita, os candidatos (estudantes e titulados/as) tiveron a oportunidade de:

- Coñecer que perfil demanda o chamado mercado laboral para persoas con titulación universitaria.
- Avaliar a posibilidade de realizar prácticas nas empresas e institucións presentes na feira.
- Participar en procesos de selección de persoal a medio e longo prazo.
- Realizar entrevistas cos representantes de recursos humanos das empresas e institucións.
- Asistir a sesións informativas, de orientación laboral e talleres sobre temas relacionados coa mellora da súa empregabilidade.



Atendendo formulario de satisfacción das empresas (n = 44 respostas), levado a cabo a través da aplicación BEAMIAN, púidose obter a seguinte información:

- O 80.6 % do estudiantado visitante afirmou que a feira cumpriu as súas expectativas
- Un 91.2 % dos visitantes afirmaron que a feira estivo ben organizada
- O 20.4 % dos visitantes tiña concertado, ao saír da feira, algunha entrevista de traballo a curto prazo


Segundo constan nos rexistros, na FINDE.U 2019 participaron 53 marcas, incluíndo empresas, clústeres empresariais e institucións.

As empresas e institucións que participaron tiveron a oportunidade de:

- Coñecer o nivel formativo actual das persoas con titulación universitaria.
- Avaliar a posibilidade de ofrecer prácticas o estudantado universitario
- Incluír posibles candidatos en procesos de selección de persoal a medio e longo prazo.
- Realizar entrevistas cos potenciais candidatos interesados a formar parte dos seus equipos de traballo
- Impartir algunha sesión informativa ou taller sobre as súas áreas de traballo.

Segundo consta no formulario de satisfacción das empresas (n = 44 respostas), levado a cabo a través da aplicación BEAMIAN, púidose obter a seguinte información:

- O 75% das empresas afirmaron que o perfil dos visitantes cumpriu as súas expectativas
- O 84 % das empresas afirmaron que a feira estivo ben organizada
- O 72% das empresas afirmaron ter planeado concertar algunha entrevista de traballo a corto prazo.



Vigo, decembro 2019